




XUNTA
DE GALICIA

CEIP DE PRÁCTICAS
LÓPEZ FERREIRO

Plan de Mellora



1. INTRODUCCIÓN

Un plan de mellora é un conxunto de medidas que se toman nunha organización para mellorar o seu rendemento. Nos centros educativos son unha ferramenta moi útil para progresar en numerosos aspectos (organizativos, de rendemento escolar, de calidade pedagóxica...). Determinadas accións de mellora xa se implementan en diversos proxectos ou iniciativas, por exemplo, nos referidos á inclusión ou innovación, ao desenvolvemento das tecnoloxías... O plan de mellora do centro debe partir dunha diagnose e definición das áreas que se pretenden mellorar.

Se temos en conta o denominado método EMARP, recomendado á hora de elixir un aspecto a mellorar, un Plan de mellora debe ser:

- Específico: ataca un problema do centro.
- Medible: somos quen de medir o problema, de establecer un punto de partida e de fixar obxectivos para que dita mellora sexa efectiva.
- Alcanzable: a meta é realista.
- Relevante: vai mellorar un/s aspecto/s do funcionamento do centro.
- Programado: a iniciativa ten unha data de execución e pénsase que se finalizará no tempo que se indicará, aínda que poidan sinalarse datas de revisión.

Este documento constitúe un instrumento de apoio ao centro para que, dentro da súa autonomía, e en consonancia cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) da Axenda 2030, concretamente cos obxectivos 4 (Educación de calidade) e 5 (Igualdade de xénero), que posibilita pór en marcha un plan de mellora no que se poida, en función das necesidades que detectamos, acadar o éxito educativo a través da implementación de accións que promovan a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres, a inclusión, a redución das taxas de abandono escolar temperán, o desenvolvemento da competencia emocional e, en xeral, a mellora do clima escolar de toda a comunidade educativa.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación segundo a redacción dada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, establece no seu artigo 121.2.III que “O proxecto educativo incorporará un plan de mellora, que se revisará periodicamente, no que, a partir da análise dos diferentes procesos de avaliación do alumnado e do propio centro, se propoñan as estratexias e actuacións necesarias para mellorar os resultados

educativos e os procedementos de coordinación e de relación coas familias e o contorno”.

No artigo 21 da Lei Orgánica citada no parágrafo anterior, referente á avaliación de diagnóstico, dise que “No marco dos plans de mellora aos que se refire o artigo 121 e a partir da análise dos resultados da avaliación de diagnóstico, as Administracións educativas promoverán que os centros elaboren propostas de actuación que contribúan a que o alumnado alcance as competencias establecidas, permitan adoptar medidas de mellora da calidade e da equidade da educación e orienten a práctica docente”. Na mesma lei, no artigo 144.1, sobre as avaliacións de diagnóstico, establécese que “Os centros educativos terán en conta os resultados destas avaliacións no deseño dos seus plans de mellora”.

Pola súa parte, a *RESOLUCIÓN de 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021/22*, establecía na súa Disposición adicional sexta que “os centros docentes elaborarán un plan de mellora de acordo coas instrucións que dite a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional”. Porén, estas instrucións aínda non se ditaron.

2. DETECCIÓN DE NECESIDADES

O CEIP de Prácticas López Ferreiro, é un centro público de Educación Infantil e Primaria, situado na zona antiga da cidade de Santiago, entre a avenida de Xoán XXIII e a rúa Xasmíns. É un centro liña 2 con desdobres, neste momento, en 3º e 5º, nos que hai tres aulas por curso.

No curso 2025/26, a matrícula do centro é de 378 nenos e nenas. No plano sociocultural, a maioría das familias pertence a niveis socioeconómicos medios e medios-altos, se ben o perfil do alumnado e do seu contexto é heteroxéneo. A grande parte do alumnado é de procedencia urbana, algúns nenos e algunhas nenas pertence a minorías étnicas, outros e outras presentan diferentes necesidades, e está aumentando o alumnado con dificultades de aprendizaxe. A inmensa maioría procede do concello ou concellos da bisbarra e, nos últimos anos, aumentou o número de alumnos e alumnas oriúndos e oriúndas doutros países ou áreas xeográficas.

Para a detección das necesidades principais do centro revisáronse, en primeiro lugar, os documentos que forman parte do PEC do centro, os Plans e Proxectos que se desenvolven a longo prazo nos centros educativos: *Proxecto lingüístico*, *Plan Xeral de Atención á Diversidade*, *Plan de Biblioteca*, *Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables* e *Plan Dixital* e os últimos que se están a elaborar ao tempo deste, o *Plan de Acción Titorial* e o *PLEA*.

Na Comisión de Coordinación Pedagóxica analizáronse, nas diferentes sesións desde finais do curso pasado, as necesidades detectadas e ás que se lle quere dar solución.

Revisáronse tamén documentos que achegan información relevante como o DRD, as actas dos claustros e consellos, da CCP e as da Comisión de Convivencia. Examinouse o documento de Reflexións sobre a Avaliación de Diagnóstico, realizado o curso pasado. Tivéronse en conta as contribucións da persoa coordinadora de benestar e convivencia, das persoas coordinadoras da Biblioteca e do EDLG, da xefatura do DO, e do Equipo directivo. Ademais, valoráronse polo miúdo as suxestións dos alumnos e das alumnas que conforman o Consello Escolar do Alumnado e daqueles e daquelas que forman parte dos Equipos de Axuda.

Por último, tivéronse en conta os rexistros de incidencias, as actas das reunións de avaliación e de titorías e as achegas a través da caixa de suxestións ou a través do Punto Laranxa.

Todos estes documentos, reflicten unha visión ampla das necesidades do centro, pondo de manifesto as carencias que se detectan nos últimos tempos.

Expóñense dúas necesidades principais a acadar co resultado que recollen as análises DAFO que se presentan que, á súa vez provocan que se poñan en marcha diferentes accións.

3. IMPLEMENTACIÓN E AVALIACIÓN DO PLAN

NECESIDADE 1

"Mellora da competencia lingüística do alumnado, especialmente na expresión escrita e na comprensión lectora, garantindo a coherencia metodolóxica, a coordinación docente e o uso eficaz dos recursos de lectura do centro"

ORIXE INTERNA	ORIXE EXTERNA
DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none">• Escaseza de coordinación, no plano da lectoescritura entre etapas e entre os /as docentes do ciclo.• Carencia de criterios metodolóxicos activos e comúns entre etapas.• Baixo aproveitamento da biblioteca escolar e bibliotecas de aula desactualizadas.• Integración insuficiente e non sistemática da lectura e escritura nas distintas áreas.• Uso desigual e non estandarizado de instrumentos e técnicas de avaliación da expresión escrita.• Dificultades para dar resposta á diversidade do alumnado na competencia lingüística.	<ul style="list-style-type: none">• Desigual implicación das familias e diversidade de contextos socioculturais que condicionan o acceso á lectura.• Menor exposición á lectura tradicional fronte ao consumo de contidos dixitais inmediatos.• Menor cultura lectora nos fogares fronte ao avance dos medios audiovisuais.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none">• Alto nivel de experiencia, implicación e capacidade de reflexión do profesorado sobre a súa práctica educativa ao respecto da lectoescritura.• Existencia dunha biblioteca escolar con recursos e proxectos activos.• Participación en proxectos formativos e programas de fomento da lectura no centro.• Posibilidade de traballar a competencia lingüística de maneira transversal nas distintas áreas do currículo.	<ul style="list-style-type: none">• Implicación dunha parte significativa das familias nos procesos de aprendizaxe e no fomento da lectura.• Participación en programas de formación ofertados polo, Concello, USC, e outros organismos da contorna.• Convocatorias e plans ofertados pola Consellaría: PLAMBE, Clubs de lectura, Lectura e familias...

INSTRUMENTOS DE RECOLLIDA
<ul style="list-style-type: none"> • Avaliación de diagnóstico en 4º de primaria. • Reflexión do Claustro sobre os resultados da Avaliación de diagnóstico • Avaliación continua por parte do profesorado nas aulas. • Enquisas para a elaboración do PLEA e outros Plans de centro. • Revisión trimestrais, avaliaciós.
OBSERVACIÓNS
<p>Partirase da adaptación ao desenvolvemento neurolóxico-evolutivo do alumnado, procurando estratexias axustadas ao avance dos nenos e das nenas nun contexto lúdico (Decreto 150/2022).</p> <p>Poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa e a atención personalizada ao alumnado para a prevención de dificultades de aprendizaxe (Decreto 155/2022)</p>

COORDINACIÓN DOCENTE	
Acción	Coordinación entre o profesorado dos diferentes ciclos e destes cos equipo de biblioteca e DLG
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • 3º trimestre curso 2025-26: primeiras xuntanzas de coordinación entre etapas, de nivel e co equipo de biblioteca e EDLG. • Curso 2026-2027: desenvolvemento e seguimento trimestral
Valor de partida	Ausencia dun sistema estable de coordinación internivel e cos equipos de biblioteca e DLG, con escasa planificación conxunta de actuacións relacionadas coa competencia lingüística.
Criterio de éxito	Realización sistemática de reunións de coordinación e posta en marcha de actuacións conxuntas entre ciclos e coa biblioteca.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de reunións de coordinación realizadas • Nº de propostas ou actuacións conxuntas desenvolvidas • Rexistro de acordos adoptados
Responsables	Equipo directivo, Equipo de biblioteca e Claustro.
Recursos	Tempo real de coordinación entre o profesorado, recursos e iniciativas realizadas desde a biblioteca escolar, desde o EDLG, ferramentas dixitais do centro (E-Dixgal, plataforma do centro)...

METODOLOXÍA COMÚN E PROGRESIÓN DA LECTOESCRITURA	
Acción	Establecemento e aplicación de criterios metodolóxicos activos e compartidos, tendo en conta a lexislación vixente, para o desenvolvemento progresivo da lectoescritura en todas as etapas educativas.
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • 3º trimestre (curso 2025-2026): definición de criterios • Curso 2026-2027: aplicación nas aulas e seguimento trimestral
Valor de partida	Ausencia de criterios metodolóxicos comúns entre etapas, con prácticas docentes heteroxéneas e falta de progresión estruturada no ensino da lectoescritura.
Criterio de éxito	Desenvolvemento de procesos de E/A centrados na adquisición de estratexias de comprensión lectora e incremento da participación do alumnado en actividades comunicativas que redunden na mellora progresiva das súas producións orais e escritas.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun documento de criterios metodolóxicos comúns e incorporación nas programacións didácticas. • Nº de reunións de coordinación para o deseño e seguimento. • Achegamento de estratexias de comprensión lectora e utilización por parte do alumnado. • Uso de estratexias comúns de ensino da escritura nas aulas
Responsables	Equipo directivo, coordinación de ciclos, DO e profesorado.
Recursos	Tempo real de coordinación entre o profesorado, formacións a través do CAFI e outras entidades, materiais didácticos dispoñibles.

DESENVOLVEMENTO DA COMUNICACIÓN ORAL E ESCRITA	
Acción	Desenvolvemento da competencia comunicativa oral e escrita mediante a realización de actividades significativas e contextualizadas, vinculadas á vida do alumnado, ás conmemoracións escolares e/ou a propostas dos diferentes equipos.
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • 3º trimestre (curso 2025-2026): planificación inicial de actividades.

	<ul style="list-style-type: none"> • Curso 2026-2027: desenvolvemento ao longo de todo o curso
Valor de partida	Predominio de tarefas pouco significativas e escasa práctica da expresión oral e escrita en contextos reais.
Criterio de éxito	Incremento da participación do alumnado en actividades comunicativas e mellora progresiva das súas producións orais e escritas en contextos significativos.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • N° de conmemoracións e/ou de actividades dos diferentes equipos (Biblioteca, Plan Dixital, EDLG), nas que se integran actividades de expresión oral e/ou escrita. • Proposta de actividades de animación á lectura a través da iniciación ao uso de diferentes soportes e tipoloxías textuais. • Inclusión destas actividades nas programacións ou planificacións de aula.
Responsables	Claustro, coordinación de ciclos, equipos de dinamización
Recursos	Materiais de aula, recursos da biblioteca escolar e tempo de coordinación docente.

NECESIDADE 2:

"Mellora do clima de convivencia do centro, garantindo un contorno inclusivo baseado no respecto e na xestión pacífica dos conflitos, que favoreza o benestar emocional da comunidade educativa"

ORIXE INTERNA	ORIXE EXTERNA
DEBILIDADES	AMEAZAS
<ul style="list-style-type: none"> • Implementación desigual de estratexias de prevención e resolución de conflitos no centro. • Necesidade de reforzar a educación coemocional de forma estruturada. • Presenza de condutas disruptivas por parte do alumnado. • Aparición de conflitos en espazos comúns e tempos de lecer, especialmente entre alumnado de diferentes grupos e niveis. • Dificultades de integración social dalgún alumnado no seu grupo de iguais. 	<ul style="list-style-type: none"> • Influencia de factores externos (contexto social, familiar, uso de pantallas e dispositivos móbiles etc.) na aparición de conflitos e na xestión emocional do alumnado. • Dificultades na continuidade das normas e hábitos de convivencia entre o ámbito escolar e o familiar. • Exposición a situacións violentas e ao clima competitivo na vida cotiá.
FORTALEZAS	OPORTUNIDADES
<ul style="list-style-type: none"> • Implicación do equipo docente, da dirección, da coordinación de benestar e da xefatura do D.O. na prevención e resolución de conflitos. • Baixo porcentaxe de alumnado que presenta condutas disruptivas. • Existencia de recunchos da calma nas aulas, nos corredores e no centro. • Existencia de dinámicas e iniciativas de centro orientadas á mellora da convivencia (Convive+, MUS-E, Consello escolar do alumnado, Venres Creativos, Xogos Internivel,...) • Participación en obradoiros, proxectos de aprendizaxe-servizo e formación do profesorado relacionados coa cohesión grupal e a educación emocional. 	<ul style="list-style-type: none"> • Consello Municipal da infancia. • Disponibilidade de programas e recursos externos orientados á formación e á mellora da convivencia e do benestar emocional para toda a comunidade educativa. • Colaboración con entidades e institucións da contorna para o desenvolvemento de actividades relacionadas coa convivencia e a educación emocional.

INSTRUMENTOS DE RECOLLIDA
<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de incidencias do alumnado. • Reunións periódicas entre profesorado: ciclos, avaliacións, ... • Punto laranxa, caixa de suxestións, Termómetro acoso escolar, sociogramas... • Comisión de convivencia • Observación directa, escoita activa e rexistro de actas das diferentes reunións.
OBSERVACIÓNS
<p>As condutas contrarias á convivencia rexistradas no centro nos últimos cursos amosan unha baixa incidencia de situacións graves, que poñen de manifesto a importancia das propostas de fomento da igualdade que se desenvolven. A maior parte das incidencias detectadas corresponden a conflitos leves, relacionados fundamentalmente con comentarios ou actitudes machistas, racistas ou capacitistas. No último curso escolar rexistrouse un único procedemento conciliado, o que indica, en termos xerais, un clima de convivencia positivo no centro.</p>

DETECCIÓN TEMPERÁ E INCLUSIÓN DO ALUMNADO	
Acción	Implementación das medidas do Plan de Acollida e de estratexias para a detección temperá de situacións de exclusión e o fomento da integración do alumnado.
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • 3º trimestre (curso 2025-2026): definición de medidas e coordinación inicial. • Curso 2026-2027: aplicación e seguimento trimestral
Valor de partida	Incorporación do alumnado ao longo de todo o curso, existencia de nenos e nenas con dificultades de integración social e falta de aplicación non sistemática dos mecanismos de detección temperá e de acompañamento.
Criterio de éxito	Implementación do Plan de acollida e aplicación sistemática dos mecanismos de detección temperá e de medidas de acompañamento.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de incidencias detectadas e medidas de acompañamento adoptadas. • Inclusión de medidas de acollida e de integración nas programacións ou plans de aula.
Responsables	Equipo directivo, xefatura do DO e claustro.
Recursos	Formacións a través do CAFI e outras entidades, Plan de Acollida, Consello escolar do alumnado, instrumentos de

	observación e rexistro...
--	---------------------------

COEDUCACIÓN EMOCIONAL E RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS	
Acción	Desenvolvemento de actividades e experiencias orientadas á identificación, expresión e regulación das emocións tendo en conta a perspectiva de xénero, para mellorar a convivencia entre a comunidade educativa.
Temporalización	<ul style="list-style-type: none"> • 3º trimestre (curso 2025-2026): planificación e selección de propostas, tendo en conta as normas e plans do centro (NOFC, Plan de Convivencia, Plan de Acollida, Plan de Igualdade e Plan de Actividades Físicas e Hábitos Saudables) • Curso 2026-2027: aplicación e seguimento trimestral
Valor de partida	Aplicación non sistemática de estratexias relacionadas coa coeducación emocional e a resolución de conflitos na práctica educativa do centro.
Criterio de éxito	Integración progresiva de actividades e dinámicas relacionadas coa coeducación emocional nas programacións e na práctica diaria e mellora do clima do centro.
Indicadores	<ul style="list-style-type: none"> • Rexistro de incidencias detectadas e medidas de acompañamento adoptadas • Inclusión de dinámicas de regulación emocional nas programacións ou rutinas de aula
Responsables	Equipo directivo, coordinación de benestar e convivencia, xefatura do DO, Claustro e Familias.
Recursos	Formación do profesorado (CAFI e outras entidades), programas do centro (Convive+, MUS-E, Consello escolar do alumnado, Plan Director,...), materiais de coeducación emocional e tempo de coordinación.

4. SEGUIMIENTO DO PLAN

O seguimento do Plan de Mellora, levarase a cabo a través da avaliación que se realizará tendo en conta os criterios de éxito reflectidos nos indicadores e superado o valor de partida.

Realizarase trimestralmente a través da Comisión de Coordinación Pedagóxica do centro. Esta comisión analizará ademais o desenvolvemento dos obxectivos e accións formulados e comunicará ao equipo directivo os resultados deste seguimento. Con posterioridade a esta análise, o equipo directivo informará o claustro do profesorado dos resultados desta avaliación e seguimento. Ao final de curso, será informado tamén o consello escolar.